

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA
DE 11 DE XULLO DE 2024**

1. Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2024/00033204S.

Aprobación de expediente de modificación da base 18ª das BEO 2024, baixo a codificación 2024-MODBEO-01, incluíndo unha nova aplicación ampliable para o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento. |

Acórdase:

PRIMEIRO: aprobar a modificación da base 18ª das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2024 no sentido de incluír como nova aplicación ampliable a seguinte aplicación orzamentaria:

<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Descrición</i>	<i>Concepto de ingresos</i>	<i>Descrición</i>
060-13600-6240001	Servizo extinción de incendios. Elementos de Transporte	351.00	Contribucións especiais para o establecemento ou ampliación dos servizos.

SEGUNDO: na tramitación do expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos recollidas nos artigos 169 e seguintes do TRLFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril.
TERCEIRO: esta modificación das bases de execución entenderase definitivamente aprobada se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00003929L.

Aprobación do expediente de licitación do Servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control, regulación e xestión do tráfico e do túnel urbano do Hórreo, incluído o mantemento evolutivo das aplicacións informáticas de xestión, reparación e realización de modificacións das instalacións. |

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación do servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control, regulación e xestión do tráfico e do túnel urbano do Hórreo, incluído o mantemento evolutivo das aplicacións informáticas de xestión, reparación e realización de modificacións das instalacións.

O orzamento base de licitación é de 4.229.329,56 € (base imponible de 3.495.313,68 € máis IVE do 21% polo importe de 734.015,88 €).

A desagregación por anualidades do orzamento base de licitación é a seguinte:

ANUALIDADE IMPORTE

2025 1.409.776,52 €

2026 1.409.776,52 €

2027 1.409.776,52 €

TOTAL 4.229.329,56 €

Segundo: abrir o procedemento aberto de adxudicación.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00025956N.

Adxudicación do contrato baseado nun acordo marco para a contratación das pólizas de seguro de accidentes dos empregados municipais do Concello de Santiago de Compostela a través da Central de Contratación FEMP - Lote 8 (2024)

Acórdase:

PRIMERO.- Adjudicar el Contrato basado en un acuerdo marco para la contratación del seguro de accidentes de los empleados municipales del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, al resultar su propuesta la económicamente más ventajosa, tal como se acredita en los Anexos I, II y III, a la empresa MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA, por un importe de 12.999,44 con cargo a la aplicación presupuestaria 030 92000 2240300 conforme a las siguientes anualidades e importes, quedando, la anualidad 2025, sometida a la condición suspensiva de la existencia de crédito:

2024: 6.499,72 €

2025: 6.499,72 €

Esta prestación está exenta de IVA.

SEGUNDO.- Este Contrato basado de seguro de accidentes de los empleados municipales tendrá vigencia, desde las 00:00 horas del día 11 de julio de 2024 hasta las 23:59 horas del 10 de julio de 2025, con opción de prórroga de 1 año más. Con independencia de la fecha de adjudicación del contrato, de la notificación al licitador adjudicatario, de la firma del contrato o de la fecha de pago de la prima, el efecto del seguro y, en consecuencia, la cobertura otorgada por la compañía aseguradora empezará en la fecha anteriormente indicada por lo que la entidad aseguradora adjudicataria estará obligada a satisfacer las indemnizaciones que proceda abonar de acuerdo con las condiciones establecidas ya que el contrato desplegará toda su eficacia a partir de las 00:00 horas do día 11 de julio de 2024.

TERCERO.- Comunicar esta resolución a la adjudicataria y al resto de licitadoras a través de la Plataforma informática de la Central de Contratación, publicar esta resolución en el Perfil del contratante de esta Entidad Local y notificar la misma conforme a lo establecido en la LCSP.

CUARTO.- La presente Resolución puede ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición o bien directamente ante la jurisdicción contenciosoadministrativa, de conformidad con lo dispuesto en la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: **2024/00012617J**.

Adxudicación do contrato do Servizo de Redacción Proxecto Básico e Execución (PBE) e Dirección Facultativa (DO+DEI+CSS) do "Barrio verde de Pontepedriña: Renaturalización da mazá e creación dun corredor ecolóxico urbano" a PROYFE SL, por importe de 89.000,00 €, sen IVE. Financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España (instrumento para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation UE).

Acórdase:

Primeiro: excluír deste procedemento de adxudicación a empresa REDONDO, VALLADARES Y RODRÍGUEZ SLP, por presentar a oferta fóra de prazo (Presenta a oferta o 31/05/2024 ás 0:10 horas sendo o 30/05/2024 o último día para a súa presentación).

Segundo: adxudicarlle, por ser a única empresa en presentar oferta e cumprir cos requisitos exixidos nos pregos, o contrato que ten por obxecto o Servizo de Redacción Proxecto Básico e Execución (PBE) e Dirección Facultativa (DO+DEI+CSS) do "Barrio

verde de Pontepedriña: renaturalización da mazá e creación dun corredor ecolóxico urbano. Financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España (instrumento para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation UE) a PROYFE SL, que presenta unha proposición económica de 89.000,00 € sen IVE, que cun IVE do 21% por importe de 18.690,00 € fai un total de 107.690,00 €.

6. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: **2024/00021562B.**

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación de Lucha contra las Enfermedades del Riñón de A Coruña (Alcer Coruña) pola contía de 5.000,00 €.

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación de Lucha contra las Enfermedades del Riñón de A Coruña (Alcer Coruña) pola contía de 5.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800006, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2024-artigos 31, 32 e 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII.

7. DEPORTES. Referencia: **2024/00020383M.**

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Educación e Deporte de Santiago para o ano 2024.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio coa FUNDACIÓN EDUCACIÓN E DEPORTE DE SANTIAGO.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 20.000 € con cargo á aplicación 070 34100 4890020 do orzamento municipal do ano 2024.
3. Aprobar o pago anticipado do 100% do importe subvencionable para a tempada 2024/2025, por un importe de 11.500 €.

8. DEPORTES. Referencia: **2024/00020373H.**

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Victoria de Santiago de Compostela para o ano 2024.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio co CLUB VICTORIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 12.000 € con cargo á aplicación 070 34100 4890011 do orzamento municipal prorrogado correspondente ao ano 2024.
3. Aprobar o pago anticipado do 100% do importe subvencionable para a tempada 2024/2025, por un importe de 4.000 €.

9. DEPORTES. Referencia: **2024/00020367N.**

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Arteal Tenis de Mesa para o ano 2024.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio co CLUB ARTEAL TENIS DE MESA.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 12.000 € con cargo á aplicación 070 34100 4890001 do orzamento municipal correspondente ao



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

ano 2024.

3. Aprobar o pago anticipado do 100% do importe subvencionable para a tempada 2024/2025, por un importe de 4.500 €.